

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 27 DE NOVEMBRO DE 2017

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e sete de novembro de dous mil dezasete, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e sete minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna.Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo.

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:** D.Emilio José Sánchez Iglesias.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

**Grupo municipal de Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Non adscritas/o:** Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias.

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

### 1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 23 DE OUTUBRO DE 2017.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 23 de outubro de 2017.

### PARTE RESOLUTIVA

### 2. SOLICITUDE DE INTEGRACIÓN NA ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DO CAMIÑO DE INVERNO A SANTIAGO.

Foi emitido ditame favorable pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Despois de diversos trámites, nos que participou de xeito significativo a “Fundación Las Médulas”, entidade a cuxo padroado pertencen case todos os municipios do Bierzo polos que transita o camiño de Inverno, para coordinar os traballos –nos cales e reunións habidas houbo representación deste Concello- cos municipios do camiño en Galicia, chegouse á constitución da denominada “Asociación de municipios do Camiño de Inverno a Santiago”, cuxos Estatutos achégaronse coa proposta deste acordo.



No artigo 23 dos Estatutos prevese para pertencer á Asociación que se solicite formalmente á Xunta Directiva da Asociación.

En consecuencia de todo o anterior, o Pleno municipal, que ten atribuído polo artigo 22.2.b) da Lei 7/1985 a participación en órganos supramunicipais, por unanimidade, adopta o seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Manifestar interese no desenvolvemento dos fins da “Asociación de municipios do Camiño de Inverno a Santiago” e a vontade de que o Concello de Monforte de Lemos forme parte dela.

**SEGUNDO.-** Solicitar formalmente de acordo co artigo 23 dos seus Estatutos, a pertenza á “Asociación de municipios do Camiño de Inverno a Santiago”.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que non ven problema no que se propón. O que queremos é aclarar se algunha asociación que existe pode formar parte desta Asociación, non como municipios, pero estar tamén nela.

(Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, non intervén).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que queren saber por que non participou ninguén de Monforte na constitución da Asociación. Botamos de menos nos Estatutos que non haxa ningunha referencia ás asociacións que tiveron tanto que ver nisto, co seu traballo a prol do Camiño de Inverno. Unha suxestión: que se traballe dende aquí nesa liña, que non se poñan paus nas rodas, como por exemplo no Hotel Comercio ou no da Virxe de Montserrat; de pouco serve a Asociación se torpedeamos iniciativas.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que teñen unha pregunta sobre non se ter presentado Monforte á sinatura da Asociación. Aínda que algo vimos nos medios de comunicación, querémolo saber.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que o Concello de Monforte participou en dúas reunións anteriores. A primeira nun Concello pequeno preto de Ponferrada, estivemos poucos. Na segunda, en Rodeiro, estivo un concelleiro. A esta de Ponferrada tiñamos previsto asistir, pero houbo problemas de saúde e laborais que impedían o quórum para a Xunta de Goberno. Foi informada a Alcaldesa de Ponferrada e que se traería ao Pleno. Valorouse o das asociacións, pero os Concellos son o que son como Administración. Non sei se poderán estar como invitados no futuro, non como membros natos, non son Concellos.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que proporemos un rogo para que se faga chegar que as asociacións poidan formar parte. (O Sr. Secretario toma nota de que pasa a ser rogo nesta sesión).



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 19/12/2017  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 19/12/2017  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2017 14:52:39



De Dna. Julia Rodríguez Barreira que di que entenden o mesmo sobre que se lle dea participación ás asociacións e únese ao rogo da anterior intervención.

### 3. MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O RELATIVA Á REFORMA DA RÚA DUQUESA DE ALBA.

Asunto retirado como moción na Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. Vén ao Pleno como pregunta e rogo: puntos 1 e 2 respectivamente do que figuraba como acordo da moción.

### 4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN RELACIÓN Á VAGA DE LUMES QUE SUFRIU GALICIA.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción di o seguinte:

“EXPOSICION DE MOTIVOS.

Galicia sufriu entre o 12 e o 17 de outubro una vaga de lumes sen precedentes, un episodio de actividade incendiaria que supuxo un atentado contra o rural, o medio ambiente, a economía, a vida animal e o mais importante, puxo en risco a vida das persoas, producíndose un fatal desenlace co falecemento de catro persoas que lamentamos en profundidade.

O noso concello non foi alleo á vaga de lumes de mediados de outubro. O incendio que afectou as parroquias de Chavaga, Bascós e Sindrán non prendeu só. Alguén, aproveitando unhas condicións meteorolóxicas extremas, con fortes ventos, altas temperaturas e moi baixa humidade puxo lume coa finalidade de causar o maior dano posible.

O lume afectou indistintamente a áreas de monte raso, de monte arborado, a zonas de pasto, a explotacións gandeiras, a viñedos, e mesmo estivo moi preto de núcleos rurais. En poucas horas activáronse varios incendios que puxeron a proba ao operativo coordinado pola Xunta de Galicia. Operativo que contou coa inestimable colaboración de voluntarios de Protección Civil, bombeiros do concello e de veciños dos lugares afectados, que xuntos fixéronlle fronte aos focos que se sucederon de maneira continuada en breve espazo de tempo.

Os cidadáns en xeral, e cada administración no marco das súas competencias, debemos actuar para facer fronte ao problema dos incendios forestais, que é un problema de todos. Todos temos responsabilidades na prevención dos incendios forestais, incluíndo os propietarios dos terreos, os concellos e demais administracións, xa que tamén teñen as súas obrigas en relación coas súas propiedades e vías de titularidade municipal.

O Consello da Xunta aprobou un decreto de medidas urxentes para tentar paliar e reparar os danos provocados polos lumes acaecidos en Galicia a mediados de outubro. A prioridade foi atender ás familias das vítimas mortais e ás persoas que sufriron perdas materiais nas súas vivendas. Nese decreto tamén se estableceron outras medidas que poden ser de interese para o noso concello:

- Convenios de colaboración coas entidades locais para facer fronte aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e aos danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal.
- Axudas para a reposición turística afectada polos incendios.

É necesario que neste proceso de apoio aos afectados se involucren as demais administracións. As Deputacións Provinciais, que son os organismos máis achegados aos concellos, e o Estado, deben colaborar tamén para que os danos provocados polos incendios sexan reparados coa maior brevidade posible.

Por todo isto, o grupo municipal do PP solicita ao Pleno da corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Trasladar o agradecemento e apoio a tódolos profesionais que forman parte do operativo de extinción de incendios que coa súa actuación evitaron que a traxedia fora maior; así como as Forzas e Corpos de Seguridade, que coa imprescindible colaboración cidadá, están levando a cabo as súas investigacións para tentar esclarecer a autoría dos incendios.
- 2.- Instar a tódalas administracións públicas a que asuman as súas responsabilidades en materia de prevención de incendios forestais no cumprimento da normativa vixente.
- 3.- Instar ao equipo de goberno do Concello a que faga cumprir a ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancia das plantacións e xestión da biomasa.
- 4.- Instar ao equipo de goberno do Concello a que colabore coa Xunta de Galicia nos convenios para a prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciados parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e que inclúe entre outras accións:
  - A realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado nas vías e camiños forestais, áreas cortalumes, nas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal e mesmo en superficies de propietario descoñecido.
  - A contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de traballos de prevención de forma manual.
- 5.- Instar ao equipo de goberno do Concello a que participe na convocatoria de axudas da Orde conxunta do 27 de outubro de 2017 mediante a que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas previstas polo Decreto 102/2017, do 19 de outubro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017.
- 6.- Instar ao Estado e ás Deputacións Provinciais (estas últimas como principais organismos encargados de dar apoio aos concellos) para que se unan á Xunta de Galicia e participen na concesión de axudas destinadas a paliar os efectos dos lumes. En particular, ínstase ás Deputacións, en virtude das obrigas que a estes efectos establece o artigo 38 da Lei de Emerxencias de Galicia, a implicarse no cofinanciamento das actuacións de reparación de danos producidos nos bens e instalacións de titularidade municipal.”

Tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 7 da orde do día, o Pleno, por cinco votos a favor (Grupo do PP) e doce votos en contra (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

## ACORDO



### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 19/12/2017  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 19/12/2017  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2017 14:52:39



Non aprobar a moción do Grupo municipal do PP en relación á vaga de lumes que sufriu Galicia.

No debate conxunto deste asunto e o do punto 7 producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, portavoz suplente do Grupo do PP, que explica a moción do seu Grupo e a acción da Xunta de Galicia. Le os acordos que se propoñen.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le en termos xerais a moción do seu Grupo e os acordos que nela figuran.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que xa no Pleno pasado houbo unha iniciativa de Esperta Monforte para evitar que se repita a crise dos lumes. A alternativa segue sendo a mesma: planificación para que non haxa esas situacións desastrosas, un medio rural sostible. A moción do PP refírese ao abandono –de acordo- e á responsabilidade –uns máis que outros-. Non é comparable a dos Concellos coa da Xunta, esta demostrou ser gravemente irresponsable pola mala planificación. Tamén é irresponsable suprimir medios, como di o BNG, de acordo coa moción deste. Na moción do PP, si ao recoñecemento aos medios que actuaron e aos brigadistas, pero non ao que di da Xunta. Nós tamén debemos planificar e que o goberno municipal faga cumprir as distancias, por exemplo as dos piñeiros ás casas. Fai falta: a limpeza das faixas, un corpo de forestais ben dotados e estables, non facer mal uso da terra –non aos eucaliptos, por exemplo-, plantacións axeitadas. No rural non precisamos campañas como a de cero impostos, o que queremos é servizos e é imprescindible pagar impostos para iso.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que como dixo a anterior interveniente, Esperta Monforte presentou unha moción no Pleno pasado, que é moi de ter en conta. Pon o dedo na clave: prevención, para que as desgrazas habidas non se volvan dar. Sorprende a moción do PP despois da terrorífica xestión dun problema serio, vén querendo lavar a cara, hai que ter moito peito para iso. Din agora o de non culpar aos partidos, pero en 2006 pedían dimisións e Feijoo coa manguera, dicían que co PP non habería mortos, agora goberna o PP e por desgraza hai mortos. Fíxose publicidade nesas días por 77.000 euros. Rajoy referíase en 2006 á eficacia nunha situación así, que tería que dicir agora el e Feijoo. Hai axudas da Xunta de Galicia e tamén accións en Chavaga e Bascós efectivamente danando bens, disto non se ocupa o Partido Popular.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que coinciden non substancial co BNG, imos apoiar a súa moción. A do PP é fariña doutro costal, ten mala conciencia pola política forestal e pola xestión feita na vaga de lumes. Pretenden disimular repartindo culpas a outros, menos a eles, auténticos culpables. A lexislatura do rural dixo Feijoo, a realidade é ben diferente. Non hai políticas de fixación da poboación, as fincas están a monte. Iso en primeiro lugar. O segundo é que a Xunta fracasou na política forestal, é necesario un Plan forestal. Tamén fracasou, punto terceiro, na xestión dos terreos privados. En cuarto lugar, fracasou a política dos montes veciñais. A quinta cousa é que desmantelaron o banco de terras, agora queren recuperalo, tardaron en darse conta do erro. O sexto é o fracaso na conservación dos espazos naturais e o sétimo o fracaso na política de prevención. O Director Xeral de Montes dixo que cumprir as normas evitaría o de Portugal, só por iso debe dimitir, algo vai mal, está investigado pola xustiza. Non imos caer na trampa desa moción. É ofensiva. Non repartan culpas, son súas. Non deben pasar custos aos Concellos. Estamos en contra da iniciativa do PP.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 19/12/2017  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 19/12/2017  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2017 14:52:39





De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di que a moción está referida ao Concello, non estamos no Parlamento de Galicia. Hai normativa a cumprir polos Concellos, a ordenanza é municipal. Existe colaboración nos convenios coa Xunta; guste ou non, é o medio de actuar. Se é unha ofensa, un lavado de cara, non ten que ver co Concello, pois nada. Din que o Plan forestal está paralizado, non é así. Que o banco de terras está desmantelado, dígame cando. Para a Sofor é preciso, como na concentración parcelaria, a psicoloxía cos particulares. Hoxe hai cinco Sofor, con Touriño non. Nunha finca éntrese por emerxencia, como no caso de Chavaga, que tiña un nivel 2 de emerxencia.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di, fronte á crítica do PP, que facemos política dende a nosa humilde posición. A nosa moción é máis ampla. Hai políticas forestais, pero fracasadas. Se seguimos obcecados, seguiremos igual. Hai que fomentar vivir no rural, non vir de paseo. Está moción está ligada á vaga de lumes, pero demos tempo, incluso a ver se había dimisións, tamén se pediu o cesamento do director da TVG, non se informou do que se tiña que informar. Este Grupo trouxo o do salario dos bombeiros, a Deputación ben, coa Xunta estamos á espera.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que vai aludir a varios aspectos. O PP di no punto 1º *“trasladar o agradecemento e apoio a tódolos profesionais que forman parte do operativo de extinción de incendios que coa súa actuación evitaron que a traxedia fora maior”*. De acordo, o noso recoñecemento. Pero sobre as forzas de seguridade do Estado, no Faro de Vigo do 15 de novembro, as palabras dun familiar dunha falecida en Chandebrito son algo desgarrador. En “el diario.es”, Interior desmente a tese do terrorismo de Feijóo, non hai ningún dato de terrorismo organizado. O que fan é botarlle a culpa aos demais. Está tamén o artigo “as hemerotecas arden mal”, de Suso Veiga. A xestión de prevención e defensa do lume é da exclusiva responsabilidade da Xunta, pretenden que o Concello lles axude a pagalo. En Chavaga, o que aconteceu en fincas privadas, non foi no momento crucial do lume, a actuación foi o martes á mañá cando xa non había un incendio crítico.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que non lle gusta ao PP que falemos da Xunta de Galicia. Hai que ter valor para traer isto. É certo que os montes non arden sós, pero é necesario investir, nós instamos ao Concello para a limpeza do que lle corresponde. Dende Esperta Monforte faremos chegar un traballo específico de prevención que temos preparado. Non imos votar a favor da moción do PP. Si estamos de acordo coas brigadas permanentes, especialmente para prevención. Se vemos a nota de prensa dos veciños de Chavaga, como dixo Pilar López cando xa non había perigo, arrasaron os camiños sen contar con ninguén. Quéixanse sobre todo de camiños que quedaron intransitables e de peches desfeitos.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que se o PP non estivo de acordo coa moción do Pleno de outubro, para que queren o apoio agora á súa. Tráena por mala conciencia. Sinto que Emilio Iván Vázquez baile coa máis fea. As axudas son insuficientes, vendo o que só Carballeda de Avia necesita. O Concello de Monforte foi dos afectados, pero non é responsabilidade do Concello. Hai a responsabilidade de iniciar o lume, pero tamén a responsabilidade de non extinguilo.

De D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, que di que parece que é infeliz o que prende lume e responsable o que sopla. Viñemos a falar non de política, senón dun problema e de solucións. Non se entrou en fincas porque lle apetecese a quen dirixía o operativo, foi por un risco de nivel 2. Lean o Pladiga, hai uns protocolos de extinción e se o nivel segue sendo 2, o técnico decide, é o que sabe. Hai unha lei de responsabilidade patrimonial da Administración, a xente pode reclamar o dano, hai modelos



no distrito forestal. O camiño é do Concello, que ten tamén a súa responsabilidade, ten a súa ordenanza, está a lei de montes. Hai un Plan de desenvolvemento rural 2014-2020 consensuado, aprobado pola UE. (O Sr. Alcalde di que este é un órgano político e vense facer política).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que non é certo que non se faga política, temos que facer política. Lamentar o sucedido en Chavaga, tanto no lume como despois. Sobre os brigadistas, a contratación foi este ano relativamente tarde. Hai xente preparada e outra menos. Ao mellor están de oito a doce desbrozando e despois desas catro horas, a apagar o lume. Hai que intentar profesionalizar cun soldo digno. Agradecer os apoios á moción.

## 5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

(No debate conxunto deste asunto e o do punto 9 da orde do día, auséntanse e reincorpóranse D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Gloria Prada Rodríguez e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 9 da orde do día, acórdase o seguinte:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

El 25 de noviembre, conmemoramos el Día Internacional de la Eliminación de la Violencia contra la Mujer.

Son cientos de miles las mujeres, que aún hoy, sufren violencia sólo por el hecho de que hay hombres que se consideran superiores e intentan demostrar su supremacía utilizando la violencia física, psicológica, sexual y de control.

Más de 900 mujeres han muerto en España desde 2003 como consecuencia de esta terrible lacra.

En lo que llevamos de año, ya son 43 las mujeres que han fallecido tras ser asesinadas por sus parejas o exparejas, 7 los menores asesinados por la violencia de género y 22 niños y niñas han quedado huérfanos a causa de la violencia machista.

Hoy, y todos los días del año, manifestamos nuestra condena absoluta ante la violencia de género, porque el maltratador no tiene cabida en nuestra sociedad, y trasladamos nuestro apoyo incondicional a las víctimas, ya sean mujeres o sus hijos e hijas.

En la lucha contra la violencia machista en España no partimos de cero. Hemos conseguido importantes avances en la lucha contra la violencia de género a lo largo de las últimas décadas.

Somos un país referente en la lucha contra la violencia de género en la Unión Europea, tanto por la legislación aprobada; por los medios destinados; por la formación de los agentes implicados tanto desde



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 19/12/2017  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 19/12/2017  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2017 14:52:39



el ámbito de la Justicia como de los Cuerpos y Fuerzas de Seguridad del Estado; así como por el nivel de sensibilización que hay en la sociedad española en relación a esta cuestión.

El 11 de abril de 2014 España ratificó el Convenio de Estambul, primer instrumento de carácter vinculante en el ámbito europeo en materia de violencia contra la mujer y de mayor alcance para hacer frente a esta grave violación de los derechos humanos, estableciendo tolerancia cero contra todas las formas de violencia contra la mujer, que ya son delito: la violencia física, psicológica, sexual, la mutilación genital femenina, el matrimonio forzado y el acoso.

La violencia de género es una responsabilidad de todos: instituciones, partidos políticos, asociaciones, en definitiva una cuestión de estado que nos afecta a todos los españoles.

Afortunadamente, así lo entendieron todos los partidos políticos desde el comienzo de la actual legislatura y por ello, se ha conseguido que la inmensa mayoría de la sociedad nos unamos entorno al Pacto contra la Violencia de Género.

Los trabajos de la Subcomisión del Congreso de los Diputados y de la Ponencia del Senado han servido como base para alcanzar la unidad de todos contra la violencia machista.

La sociedad española, desde los partidos políticos, las comunidades autónomas, la Federación Española de Municipios y Provincias, instituciones y las asociaciones que trabajan en este ámbito hemos conseguido tener una sola voz que expresa la voluntad firme para erradicar esta terrible realidad.

Por todas estas razones y en aras de fortalecer la unidad frente a la violencia machista,”

O Pleno do Concello de Monforte, por quince votos a favor (Grupos do PP e Socialista e concelleiras/o non adscritas/o) e dúas abstencións (Grupos do BNG e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

#### ACORDO

- 1.- Manifestar nuestra adhesión al Pacto de Estado contra la Violencia de Género, en donde se definen los cambios y herramientas que debemos desarrollar para erradicar la violencia machista de nuestra sociedad cuanto antes.
- 2.- Instar al Gobierno de España y de la Comunidad Autónoma a realizar las reformas legislativas necesarias para desarrollar, en el menor tiempo posible, las medidas comprendidas en el Pacto de Estado.
- 3.- Redoblar nuestro compromiso como ayuntamiento a no reducir recursos, servicios o presupuestos para combatir la violencia machista y apoyar a las víctimas.
- 4.- Instar a todos los Grupos Políticos con representación parlamentaria a la aprobación de los Presupuestos Generales del 2018, que nos permita cumplir con los objetivos presupuestarios del próximo año que aparecen en el Pacto de Estado.
- 5.- Recordar a todas las mujeres y menores que han sido asesinados por la violencia machista y expresar nuestras condolencias a sus familias.
- 6.- Reiterar tolerancia cero contra cualquier acción violenta contra las mujeres independientemente de su intensidad. En desigualdad y violencia de género no hay grados.



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 19/12/2017  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 19/12/2017  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2017 14:52:39





7.- Hacer un llamamiento a toda la sociedad para que denuncien situaciones de violencia de género, porque no podemos ser cómplices de los maltratadores con nuestro silencio.

8.- Dar traslado de esta declaración institucional y de su aprobación al Presidente del Gobierno de España, a la Ministra de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, al Presidente de la Comunidad Autónoma y a los Grupos políticos con representación parlamentaria.”

No debate deste asunto e do do punto 9 producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que claro que facemos política, pero non debe ser política rastreira. Encomendo, Sr. Torres, todo o que ten que ver co agrario a Emilio Iván Vázquez, xa sería o colmo que dixese quen pode falar. O outro día na Comisión Maribel García falou de parvadas, cada un que asuma o seu, o do lume ten que ser de todos; nada din da Deputación, todo contra a Xunta. Tamén contra os brigadistas, pouco preparados segundo o BNG. Foron cento e pico incendios ao tempo de nivel 2, nunca houbera un escenario tan dantesco. Que a Xunta non ten modelo, cal é o seu? Lamento que por sectarismo non apoien unha proposta que implica a tódalas administracións. Imos ver que fan coa moción sobre a violencia de xénero. Non é só o 25 de novembro. Coa pancarta –dille a Maribel García- tampouco se fai moito. Hai que xestionar, os galegos avalan cando chega o momento a política do Partido Popular. Pedimos –le os puntos do acordo que se propón na moción-. Logo sigo.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que non fai falta alporizarse. Cando falamos de brigadistas, débese entender que ninguén discute que se deixan a vida por 985 euros. Ninguén dixo que estaban á sombra, iso si é política rastreira. Le a moción do seu Grupo cos acordos que nela figuran. Non tiven tempo a cotexar o que presenta Esperta Monforte.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que lle di á portavoz do PP sobre que votan sistematicamente en contra das mocións do PP, que votan a favor ou en contra segundo sexa bo ou malo para Monforte, non segundo quen presenta a moción. Sumámonos rotundamente á condena da violencia machista e á lembranza de tódalas vítimas, 45 mulleres e 8 nenos no que vai de ano. Coincidimos plenamente co BNG e tamén nos sumamos á moción do PP, pero di que somos exemplo e ao mesmo tempo que fan falta reformas, algo queda por facer. Gustaríanos que neste tipo de mocións, tan sensibles, houbese unanimidade de tódolos grupos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que lle di á portavoz do PP que Esperta Monforte ten un traballo sobre os lumes para actuar no Concello de Monforte. Cando dixen que parvada encher isto de mocións, é porque a violencia de xénero está aí, leva moitos anos, non se fixo o suficiente para corríxilo segundo mostran os feitos. Isto non ten sentido se onde se ten que legislar e orzamentar, non se fai. Le o punto 4 do acordo da moción do PP. Iso chámase chantaxe. O PP, que tivo maioría e agora non a ten, di agora que a violencia de xénero está afectada se non se aproban os orzamentos, está fóra de lugar. Esperta Monforte está en contra da violencia de xénero, tódolos anos hai mocións e as mulleres seguen morrendo. Alegrárame un pacto tamén en Galicia contra a violencia de xénero e que se traballe en Monforte. Le o último punto da moción do BNG: *“Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano.”*. Le a substitución que propón Esperta Monforte: *“Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que se desenvolvan contra*



*a violencia de xénero os 365 días do ano*”. Non só están as organizacións feministas, hai outros moitos sectores que non hai que excluír dese compromiso.

De Dna. Marina Douton Rajo, portavoz suplente do Grupo Socialista, que lle di á portavoz do PP que é unha mágoa que se alporice e dedique tempo desta moción a outra. Non é unha parvada, unha ano máis estamos co día internacional contra a violencia de xénero. Hai dúas mocións, podían ser máis, todos estamos en contra. O Grupo Socialista ten un compromiso coas mulleres vítimas, 45, e tamén 8 nenos. O compromiso é para todo o ano. É unha prioridade e unha obriga, en primeiro lugar para as administracións públicas. Existe desigualdade e patriarcado, por iso un Plan de Estado que o Partido Socialista foi o primeiro que o formulou, e medidas autonómicas. Congratulémonos das 215 medidas aprobadas. Está a corresponsabilidade e a necesaria dotación de recursos e de medios persoais. Os concellos son a administración máis próxima á cidadanía, son a primeira intervención social. Na administración autonómica téñense recortado recursos, no noso Concello hai menos subvención para o CIM por hora/muller. É complicado o labor das nosas técnicas. Pedimos apoio económico para o III Plan de Igualdade, temos que seguir traballando.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di á anterior interveniente que non se alporiza. Foi un tema grave, con catro persoas mortas; mentres se traballaba, había xente coa pancarta. Hoxe mesmo na prensa vén o que a Xunta inviste en Lugo; os concellos teñen competencias e obrigas, non estamos de miranda. Dicía Pilar López que votan segundo o interese para Monforte; é importante cumprir unha ordenanza? porque votaron non a cumprir a de limpeza. Instamos a que se lexisle, sempre se pode mellorar. Nós tamén cremos que nestas mocións debía haber unanimidade. Dille a Maribel García que os orzamentos son necesarios porque o Pacto de Estado precisa mil millóns de euros, e que non foi quen –a través de Podemos e En Marea- de aprobar ese pacto.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que podemos entender que o punto 4 do acordo da moción do PP quere utilizarse para aprobar o orzamento do Estado. Agradecer o apoio á nosa proposta. A substitución que propón Esperta Monforte é abrir un pouco o abano, eu poría o que está na nosa moción engadindo “e outras organizacións”.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di á portavoz do PP -que lle bota en cara estar en contra dunha moción anterior- que traía unha moción, porque esa non di só iso, de cumprir a ordenanza de limpeza, está metendo todo no mesmo saco. Digo de cumprir, por exemplo a distancia dos piñeiros. Preocúpanme cousas como o dun eurodeputado polaco sobre as mulleres, como o dun colaborador de TVE no programa de Carlos Herrera, afortunadamente o programa xa foi eliminado, chamado Salvador Sostres que dixo algunha animalada, como o do machismo entre os adolescentes, que as rapazas xustificuen o control do mozo, como o da “manada”, ao escoitar ao avogado defensor, espero unha sentenza dura contra estes cinco elementos.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di á portavoz do PP que acepte votar por puntos ou que retire o punto 4, isto non pode estar supeditado á aprobación do orzamento do Estado. Dille ao portavoz do BNG que non é moi esixente coa redacción, pero isto excede ás organizacións feministas sen quitarlles mérito.

De Dna. Marina Douton Rajo, que di que a ordenanza de limpeza cúmprese, facemos o que podemos. O eurodeputado polaco non é do Partido Popular europeo? O da “manada” e o dos



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 19/12/2017  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 19/12/2017  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2017 14:52:39



adolescentes si preocupa. No instituto da Pinguela hai unha asignatura de igualdade de xénero. O Partido Socialista foi o primeiro en reclamar a acción do Estado contra a violencia de xénero, de aí sae o Pacto de Estado. O Grupo Socialista considera fundamental o labor do Concello. Estase facendo máis do posible, é moito o traballo das nosas técnicas. É importante que se nos dote de competencias e de recursos.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di a Pilar López que puido pedir a votación por puntos como fai agora Esperta Monforte. De acordo coas cousas que di do eurodeputado polaco e demais. No pacto estatal estivemos todos agás Unidos Podemos. Le algunha das medidas do pacto: se non o dotamos de recursos, é unha brinde ao sol; se non hai orzamento, hai un bloqueo evidente. Sobre os acordos da moción do BNG, o do primeiro punto foi aprobado o 25 de xaneiro deste ano, o do 1% do orzamento non nos corresponde, non hai inconveniente se o retira, o último punto non me gusta sen saber concretamente o que vai ser.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que nós instamos o 1%, pero non nos corresponde decidilo. Somos grandíños para saber o que debemos facer co punto 3º, temos que predicar co exemplo. Retirar puntos é desvirtuar a moción. No punto 3º non hai inconveniente en engadir “e outras organizacións”.

## 6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE AS GRAVES AVARIÁS QUE AFECTARON Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA DE MONFORTE ENTRE OS DÍAS 14 E 18 DE NOVEMBRO DE 2017.

(No debate conxunto deste asunto e do do punto 8 da orde do día, auséntanse e reincorpóranse Dna. Pilar López Martínez, D. Manuel Jesús López Sánchez, Dna. Alicia Cadarso Palau e Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 8 da orde do día, acórdase o seguinte:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- É sabido que o Grupo Municipal do Partido Popular leva anos traendo propostas, promovendo comisións, e todo tipo de actuacións dirixidas a reclamar á empresa Aqualia o cumprimento do contrato que a obriga, dende que se formalizara no ano 2001.

Os incumprimentos son de todo tipo..., en materia de localización e eliminación de fugas, en materia de vixianza e control de verquidos, de limpeza de sumidoiros, de execución das melloras que tiña comprometidas, de reparación de avarías etc.

Pero sobre todo, o mais gravoso para todos os veciños ten sido o incumprimento das obrigas establecidas nos arts. 25 e 26, do prego de condicións, cando sinalan: **art. 25: “las obras e instalaciones que reciba el concesionario deben adecuarse en cada momento a las exigencias que implique la correcta prestación y gestión del servicio, corriendo a expensas del concesionario cuantos gastos se deriven de dicha adecuación”**

***E o art. 26.4, cando sinala: "Las obras de mantenimiento y conservación de conducciones e instalaciones, así como las de renovación y/o sustitución de conducciones e instalaciones deterioradas o averiadas serán del cuenta del concesionario"***

E evidente que o longo dos anos as conduccións se foron deteriorando e averiando sin que se procedese á renovación e sustitución das mesmas, de maneira que se adecuaran en cada momento as esixencias da correcta prestación e xestión do servizo, como obrigaba o contrato.

De feito, cando algunha desas renovacións se ten producido foron financiadas polo concello ou por outras administracións, ou mesmo teñen sido consideradas indebidamente como inversións da concesionaria polo anterior equipo de goberno, pretendendo o actual Alcalde soste esa consideración na proposta de acordo que trouxo a este pleno e que era claramente favorable para a empresa.

Non é a primeira vez que o Concello soporta actuacións que corresponden á concesionaria; así aconteceu coa obra do abastecemento na rua Corredoira e adxacentes; soportando así cantidades cos recursos de todolos monfortinos, que en realidade deberían ser soportados pola concesionaria, como revela o informe emitido pola intervención municipal no seu día sobre este particular.

3.- A empresa, non so ten incumplido o contrato no que atinxe o mantemento e renovación das conduccións, melloras etc. senón que contou antes e conta agora coa connivencia do equipo de goberno. Así, sendo claros os múltiples incumprimentos, nin o anterior equipo de goberno lle abriu expediente sancionador algún, nin lle dirixiu requerimento, ata que este grupo empezou a presentar iniciativas nese sentido, e mesmo promovimos unha comisión de investigación.

Este equipo de goberno leva dous anos ao fronte do Concello. Expedientes sancionadores: ningún. Reclamación á concesionaria: non. Pola contra, este equipo de goberno ten asumido obras e custes de actuacións que lle correspondería soportar á concesionaria, e mesmo trouxo a este pleno unha proposta de acordo que a beneficiaba claramente, en prexuízo do Concello.

Este equipo de goberno, sigue na dinámica de non facer nada para esixirle a esta empresa o cumprimento do seu contrato. Y eso a pesares de que a concesionaria o sigue incumprindo sistemáticamente.

2.- As consecuencias destes incumprimentos son múltiples e variadas, de tipo económico, de atención aos usuarios, pero sobre todo, hay unha mais grave e principal que é o mal estado da rede de abastecemento, sobre a que apenas se ten actuado por parte da concesionaria, mais aló de ir poñendo parches, cada vez que se producía unha avaría. E para eso, este grupo tivo que presentar múltiples iniciativas para denunciar as demoras e deixación da concesionaria, mesmo na reparación das avarías e na eliminación das fugas.

3.- Ese mal estado da rede, e a causa do acontecido entre os días 14 e 18 do presente mes, o ter reventado a tubaxe xeral e terse producido outras roturas noutros puntos da rede, provocando que a práctica totalidade dos monfortinos teñan soportado mais de 24 horas sen auga, coas consecuencias que esta situación ten ocasionado ás familias pero tamén as empresas e comercios.



O Alcalde ten anunciado que se fará unha auditoría a esta empresa para analizar a súa actuación fronte a esta avaría.

Nembargantes, tense negado sistemáticamente a determinar as consecuencias dos seus incumprimentos e a requerirla para que cumpra co contrato, particularmente co recollido nos arts. 25 e 26.4 do prego de condicións, antes citados. Pero tamén co resto de obrigas que ten comprometidas, e que teñen sido obxeto de multitude de iniciativas deste grupo municipal.

Ante esa actitude, efectuar unha auditoría sobre esta avaría, resulta inútil.

Por tal motivo, en previsión de que os reventóns e avarías se sucedan no futuro, como consecuencia do deterioro das conduccións que afecta a toda a rede,

O Pleno, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

### ACORDO

#### INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO:

- 1.- A convocar unha reunión urxente con todos os portavoces municipais, requirindo a participación na mesma do responsable da empresa Aqualia, para dar conta do acontecido nestes últimos días e da intención do equipo de goberno de cara a xestión presente e futura do contrato do servizo de abastecemento e saneamento.
- 2.- A acordar a comparecencia do Concelleiro que ostenta a responsabilidade da área de servizos, ante o Pleno, ao obxecto de respostar as preguntas que se lle formulen sobre a súa actuación en relación ao servizo de abastecemento e saneamento, ao amparo do establecido no art. 105 ROF.
- 3.- A comprometerse a renovar as conduccións en cada vial no que se proceda a executar obras de pavimentación, a fin de ir modernizando progresivamente a rede, reclamándolle á concesionaria o custe da substitución das tubaxes que estén deterioradas ou avariadas, tal como recolle o art. 26.4 do prego de condicións.”

No debate deste asunto e do do punto 8 producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que lles gustaría ter aprobado a moción do BNG por unanimidade, pero non cabe comprometerse a priori, poden vir as de Femen. Traemos mocións, din que moitas, cremos que todas axeitadas. Explica a moción. As obrigas da concesionaria hai que facelas cumprir. Le o artigo 26 do contrato. Fagamos cumprir este contrato, en doce anos non se fixo. Le e explica os puntos que figuran no acordo da moción.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que le a moción das/do non adscritas/o e os acordos que nela figuran.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que Esperta Monforte non tivo participación neste culebrón de Aqualia. Pero asumimos a responsabilidade de coller este tema positivamente. En termos xerais estamos de acordo coa moción do PP, pero é necesario ter recursos, por iso a engádega do punto 4. Foi presentada por escrito nesta sesión co seguinte texto: “Á



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 19/12/2017  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 19/12/2017  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2017 14:52:39





vista da moción presentada polo Partido Popular e analizada a exposición de motivos e dada a importancia do tema, espertamonforte! que non tivo nada que ver neste Culebrón de Aqualia, quere pedir a todos os grupos da corporación que se deixe de facer funcionar o ventilador e nos poñamos a traballar todos xuntos para buscar solucións a un dos problemas máis graves desta cidade.- Diante da previsión de futuros rebentóns e avarías polo evidente mal estado da rede de abastecemento é preciso concordar para acadar un financiamento co que poder facer fronte á mellora e substitución desta infraestrutura, polo que espertamonforte! propón ó PP que incorpore un punto 4 na súa moción solicitando un compromiso de financiación doutras administracións, en especial da Xunta de Galicia.”

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que dende que é portavoz do BNG xa en tres Plenos foi claro e contundente: podemos darlle voltas. Sobre as avarías dos días 14 a 17, hai que diferenciar o ocorrido do que se pode relacionar coa moción deste Grupo sobre a seca, o Plan contra a seca pode ser contra a carencia de auga, cun protocolo de actuación que non temos. As solucións deberán ser a medio e a longo prazo, estas máis complexas. Basándonos no incumprimento da empresa, temos sete anos para facer cumprir o contrato, e se fai falta rompelo, rómpese, este Grupo está por remunicipalizar o servizo. As comparecencias da moción do PP son máis para a Comisión que para o Pleno. A favor da moción dos non adscritos. Nós a traballar buscando remunicipalizar.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di ao PP que moito terían que explicar. Foi asinado polo PP un contrato nefasto. De 2001 a 2003 non foron cumpridos os investimentos. A moción falta á verdade dende o principio. A primeira avaría foi o día 15 e reparouse o 16, non hai avarías nin o 14 nin o 18. Sobre a parte dispositiva da moción, non entramos nese espectáculo. O dos portavoces non ten sentido nin o do punto 2, temos unha acción solidaria de goberno. Respecto ao punto 3, arranxamos as rúas deterioradas, pero non está no contrato que vostedes asinaron. A proposta dos non adscritos é de pouca credibilidade. En doce anos non se deron conta, a pesar de utilizalo para chegar á Alcaldía. Tiveron doce anos para melloras e para todo o que pide. O anterior Alcalde resistiuse á Comisión de investigación. Na campaña electoral de 2015, a portavoz do PP refiriuse a un plan de saneamento e abastecemento. Levamos nós feito parte. Solicitamos axuda á Xunta, Consellería de Medio Ambiente, coa calada por resposta. Atopamos investimentos que foron aceptados. Isto é o pasado. Nós faremos o necesario nun prazo de oito anos, este Alcalde cumpre a súa palabra. Arranxamos o problema da auga no barrio do Hospital. Arranxamos as avarías. A realidade é esa e os veciños xulgarán.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao anterior interveniente que o primeiro que ten que facer é ler o contrato. Ten del un coñecemento bastante nulo. Levamos dous anos pedindo que se cumpra; mesmo no horario, votáronnos en contra, votan en contra de todo. Vexa a hemeroteca, o día 16 saía a segunda avaría. Non considera isto importante para os portavoces. Sobre que o punto 3 non é posible, aproveiten cada obra na rúa para comprobar o estado das tubaxes. Que o Alcalde dá a cara, e nos catro primeiros anos de xestión co BNG? Renovaron o barrio do Hospital, co custo polo Concello. E o acordo que trouxeron: a empresa perdeu un litixio e desistiu do outro.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di ao Sr. Torres que se seguimos botándolle a culpa aos demais, chegaremos a Juan Herreros, último alcalde socialista da República. Por un lado está a xestión da crise de avarías destes días, e por outro, atallar o problema da rede de abastecemento. Cánsase de dicir o dos doce anos. En 2003, Severino foi alcalde con cinco concelleiros, gobernou con Tomé Roca de tenente de alcalde. Que nos ensine unha proposta, como esta nosa. En 2007, maioría absoluta. En



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 19/12/2017  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 19/12/2017  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2017 14:52:39



2011, esta portavoz inicia a súa vida política, na que seguía Tomé Roca. Este é alcalde en 2015 e leva dous anos sen solucións, coa única preocupación do acordo coa empresa.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que segue a funcionar o ventilador: repartir culpas e non traballar en positivo. O punto 1 do acordo da moción do PP é unha reunión importante, sen ventilador. No punto 2, que compareza o concelleiro de obras ou outra persoa, pero alguén debe explicar. No punto 3, é de sentido común ir arranxando tubaxes. A favor, se o PP engade o compromiso dun punto 4.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que é importante aprender das cousas cando pasan. É importante buscar non estar tanto tempo sen auga cando pasa isto. A moción dos non adscritos vai a favor da cidadanía. Na moción do PP, os puntos 1 e 3 están ben, o punto 2 non é necesario, pero tampouco hai inconveniente.

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle pregunta á portavoz do PP a quen lle ten tanta xenreira. A Aqualia ou a Nazario Pin que asinou o contrato? Presenta un *totum revolutum*, un texto cheo de insidias e así. Pretende desgastar ao equipo de goberno e usa a Aqualia. Dille a Pilar López que cada un responde das súas competencias. En dous anos, está o do barrio do Hospital, o bombeo da Aceña Nova, o do Porto Seco e demais. Privatizouse co PP. Perdeuse a capacidade de xestionar dende o Concello. Arranca de aí o problema. Que volva, si, ao Concello.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di ao Sr. Torres que nisto sempre votan en contra. O que queren realmente é resolver o contrato? Había que ver o servizo antes do contrato. Nazario Pin tiña un concepto fantástico do que facía, como vostedes agora, como alcalde trouxo grandes investimentos. No saneamento do Porto Seco, a metade é da Xunta, nunha competencia municipal. Dille ao BNG que municipalizar non é unha tarefa sinxela, o Sr. Torres dio de pico. Propoño aos non adscritos engadir na súa moción renovar e substituír tubaxes. En canto á engádegas de Esperta Monforte á nosa moción, está mellor o punto 3 da dos non adscritos, non a imos aceptar, cúbrese con ese punto 3.

De Dna. Pilar López Martínez, que lamenta que o goberno municipal non teña altura de miras. Agradecer o apoio á nosa moción, non hai problema en engadir o que di o PP. O acordo que se trouxo única e exclusivamente favorecía á empresa, menos mal a sentenza do Tribunal Superior e a retirada por iso do segundo contencioso, e que aí estivemos a oposición e nós. É un tema suficientemente importante como para ter acordado algo entre todos. Lamentamos que non aproveite esta man tendida. Sobre o barrio do Hospital, non esqueza o informe da Interventora de que pague Aqualia. Lamento unha vez máis que o equipo de goberno non queira ver que queremos solucións.

(Para a votación, no punto 1 do acordo da moción das/do non adscritas/o, ponse “*programa de renovación, de substitución e de melloras*”, en lugar de “*programa de melloras*”).

## 7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA OS LUMES FORESTAIS E POLO DESENVOLVEMENTO RURAL.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 5 da orde do día, acórdase o seguinte:

## “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A traxedia da vaga de lumes forestais que vén de arrasara Galiza provocou en catro días a morte de catro persoas, puxo en situación de grave risco núcleos urbanos e miles de persoas viron as súas vidas ás portas da morte; deixou vivendas, centos de propiedades e máis de 35.000 hectáreas engulidas polas lapas (máis de 48.000 hectáreas este ano, tanto como nos tres anos pasados).

O Goberno galego era consciente de que Galiza atravesaba unha das maiores secas das últimas décadas, que as comarcas de Ourense levaban ardendo durante toda a semana e que os coletazos do furacán Ofelia traería fortes rachas de vento. A pesar diso, a política do Partido Popular (PP) vai no sentido inverso: redución das franxas de protección, despedimento de case medio milleiro de traballadoras e traballadores da empresa pública SEAGA a semana anterior e a non aplicación durante todo o ano das medidas de prevención.

Para o PP, unha política forestal que acometa medidas de carácter estrutural, que abranxa a posta en valor dos terreos forestais, o aproveitamento diversificado e multifuncional do monte, a aplicación de medidas preventivas e de actualización do propio dispositivo de loita contra os lumes forestais, non existe.

En 2007 aprobouse por primeira vez unha lei de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galiza. Dita norma sentaba os alicerces para dar prioridade a unha actuación preventiva contra os incendios forestais, combinando medidas de ordenación forestal do territorio, o impulso ao asociacionismo na explotación forestal, a inserción da política forestal na de desenvolvemento rural, deixando de ser unha política sectorial illada doutras actividades no medio rural, e a regulación dunha planificación eficaz dos dispositivos contra o lume.

Esta Lei foi derogada polo PP, sen máis argumento que o desprezo pola súa autoría, sen ningún criterio lóxico, nin dende o punto de vista da prevención e loita contra o lume, nin para propiciar o desenvolvemento do rural e, o que é peor, sen implementar ningún modelo alternativo, acordando a pura e simple eliminación de medidas avanzadas de prevención e a volta á relegación e parálise da política preventiva e de ordenación forestal como principal panca para erradicar os incendios forestais en Galiza.

O goberno do PP, desde aquela, abriu a posibilidade de forestar terras agrarias, permitindo as repoboacións forestais en terras adicadas ao labradío, prados ou pasteiros. Deste xeito aumentou o desorde territorial, diminuíu a posibilidade de incrementar as explotacións, propiciou o abandono do mundo rural e aumentou o perigo dos incendios forestais.

O goberno do PP, ademais, reduciu na metade a obriga de xestionar a biomasa vexetal nunha faixa de 100 metros arredor de calquera núcleo ou actividade situada a menos de 400 metros do monte. E reduciu de 50 metros a 25, a contar desde a extrema da propiedade, a prohibición de especies que favorezan a propagación do lume (eucalipto, acacia, piñeiro...).

Estas reformas só poden ser entendidas, ademais, se con elas se pretende favorecer os intereses de certas industrias como ENCE, ao permitir grandes plantacións de especies de crecemento rápido como o eucalipto.



### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 19/12/2017  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 19/12/2017  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2017 14:52:39



O BNG leva anos denunciando que este é un dos principais problemas estruturais do noso país. E como tal, a resposta tamén debe atacar ao problema de fondo. No mes de xuño, a Portavoz Nacional do BNG, Ana Pontón, após os incendios do Pedrógão en Portugal, fíxolle un ofrecemento ao Presidente da Xunta de Galiza, para chegar a un grande pacto nacional galego en defensa do noso monte, que Feijóo nin se dignou en contestar. Os aspectos a abordar, como a desertización, o abandono de explotacións agrarias, monocultivo do eucalipto ao servizo basicamente de ENCE, a falta dun aproveitamento multifuncional do monte galego que aproveite todo o seu potencial, servizo de prevención e extinción precario, estacionalizado e sen mando único, etc., seguen aínda pendentes.

Diante disto o goberno do PP, aplica a política da manipulación informativa e do autobombo, botándolle a culpa ao vento, a Portugal... sen asumir as súas responsabilidades. Mesmo pretende atribuír aos concellos funcións propias da administración forestal, como a contratación das brigadas de extinción ou a realización de labores de limpeza nos límites das masas forestais, cando carecen de financiamento público municipal e son, se nos atemos aos criterios da pretendida 'racionalización da administración local' que impuxo o PP, competencias impropias dos entes locais.

Por todo isto, o Pleno da Corporación Municipal, por doce votos a favor (Grupos do BNG, Socialista e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galiza á

1. Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.
2. Realizar, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións lexislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas.
3. Acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas.
4. Estabelecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos.
5. Asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante:
  - Maior implicación dos Distritos Forestais na colaboración cos concellos en materia de limpeza e vixilancia.
  - O establecemento e mantemento de faixas de protección.
  - Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada no período de risco.
6. Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigadas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais.”

#### 8. MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O PARA PACTAR UN PROGRAMA DE MELLORAS NA REDE DE ABASTECIMENTO DE MONFORTE QUE ASEGURE A SÚA VIABILIDADE.



Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cun engadido tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 6 da orde do día, acórdase o seguinte:

“As graves avarías na rede de abastecemento destes últimos días, puxeron de manifesto a necesidade de abordar a reforma deste equipamento. Non é a primeira vez que ocorre, pero si que foi unha das veces que un problema puntual redonda na rede xeral causando tantos estragos, o que pon de manifesto a debilidade desta vital infraestruturas.

O caso é que Monforte ten unha rede de abastecemento antiga e con deficiencias, que precisa de importantes melloras para poder ofrecer un servizo de calidade e evitar avarías, coma a do pasado mércores, que trouxo consigo o colapso total na rede, algo impropio deste século.

Deixando dun lado á xestión da crise destes días por parte do alcalde, o noso grupo quere centrarse na procura de **solucións de cidade**, que pensen no futuro de Monforte, sobre todo a tenor de que abordar melloras nesta rede supón mirar a medio e longo prazo.

De aí que a viabilidade deste “*programa de melloras*” só sexa posible implicando á empresa concesionaria, así como a outras administracións. Pedímoslle ao resto de forzas políticas que teñan altura de miras para encarar este escenario con vontade de acordos dos que seguro, se beneficiará toda a cidadanía.

Dáse o caso de que coa empresa concesionaria estamos nun escenario máis vantaxoso que hai meses, grazas ás últimas sentenzas que lle dan a razón ao Concello de Monforte fronte ás pretensións desta última. Con todo, sería inxenuo pensar que van poder acometer todas as obras. Por iso, precisamos establecer diálogo coa Deputación e Xunta para que tamén se impliquen neste necesario proxecto.

Por estes motivos, o Pleno da Corporación Municipal, por once votos a favor (Concelleiras/o non adscritas/o e Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO

1. Pactar entre todas as forzas políticas, a aprobación dun “*programa de renovación, de substitución e de melloras*” para a rede de abastecemento, feito de acordo cos informes técnicos que se precisen.
2. Este pacto terá como obxectivo a mellora gradual desta infraestruturas, priorizando inicialmente as zonas que máis o precisen, para así asegurar o abastecemento.
3. Asemade, pactar a viabilidade económica deste programa, con acordos tanto coa empresa concesionaria, como con outras administracións, para comprometer os cartos necesarios co obxectivo de levalo a cabo.”

#### 9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O 25 DE NOVEMBRO.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cun engadido tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 5 da orde do día, acórdase o seguinte:



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 19/12/2017  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 19/12/2017  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2017 14:52:39





## “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O 25 de novembro é unha data referencial para dar visibilidade e reivindicar a necesidade de incrementar e mellorar a loita contra as violencias machistas. Desde que no ano 1981, ao abeiro do Primeiro Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe celebrado en Bogotá, nacera esta data como Día Internacional da Non Violencia contra as Mulleres en memoria das irmás Mirabal asasinadas no 1960 na República Dominicana a mans do ditador Trujillo, diferentes institucións internacionais recolleren, con desigual compromiso, esta data no seu calendario oficial.

Hai constancia de que en Galiza se rexistraron cando menos 55 feminicidios e outros asasinatos de mulleres nos últimos sete anos, entre 2010 e o que vai de 2017. Foi 2015 o ano do rexistro máis alto, con 13 mulleres asasinadas das que 8 foron feminicidios íntimos no ámbito da parella, cifra que levou o noso país a encabezar ese terríbel ano a taxa de feminicidios do Estado español, aínda sen ter en conta vítimas crianzas das que de cinco asasinatos no Estado foron dous na Galiza. Do global destes casos analizados, máis do 60% producíronse no ámbito íntimo, o que dá unha dimensión da importancia deste pero tamén da necesidade de non limitar a violencia machista á parella, pois estaríamos a deixar fóra moitas casuísticas que tamén deben ser obxecto das políticas de prevención e erradicación, así como do seu cómputo e estudo. Así mesmo, resulta alarmante e indica a necesidade de mellora do marco xudicial o feito de que desde o ano 2010 foran 11 as mulleres asasinadas que presentaran unha denuncia previa. Destas, dúas foran retiradas, unha rexeitada e noutros tres casos o agresor tiña unha orde de afastamento que incumpríu. Así mesmo, os informes e avaliacións que emanan do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial ilustra a resposta da Administración da Xustiza e as eivas do seu funcionamento e necesidades de mellora.

Grazas á loita de moitas persoas a prol da erradicación da violencia machista avanzamos colectivamente como sociedade na súa visibilización, un camiño en que tivo e ten un papel fundamental o traballo mobilizador, crítico e esixente de diferentes movementos de mulleres na Galiza e no mundo. Un traballo de visibilización, denuncia e redución que dista aínda de ser colectivo e prioritario para toda a sociedade e para todas as axendas políticas. A diagnose da vixencia estrutural das violencias machistas contra as mulleres debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin. Transformar a sociedade reducindo a fortaleza do patriarcado e superar todas as manifestacións de desigualdade e violencia que sofren as mulleres debe ser un obxectivo político de primeira orde.

Por estes motivos, o Pleno da Corporación Municipal, por doce votos a favor (Grupos do BNG, Socialista e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

## ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017, así como a destinar o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o



### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 19/12/2017  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 19/12/2017  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2017 14:52:39



acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.

2. Instar á Xunta de Galiza a cumprir e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
3. Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas, e outras organizacións, contra a violencia machista os 365 días do ano.”

## 10. MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír o seguinte asunto:

### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE APERTURA DOS VIALES DO PORTO SECO QUE RESULTEN NECESARIOS PARA DARLLE SAÍDA E CONECTAR A LU-933 COA LU-546.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. José Luis Losada Fernández, D. Emilio José Sánchez Iglesias e Dna. Marina Douton Rajo).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada por urxencia favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.-O Porto Seco de Monforte, naceu coa vocación de ser un revulsivo que revitalizaría a economía da Terra de Lemos. Unha gran plataforma loxística avalada pola súa estratéxica ubicación ferroviaria, a súa situación equidistante respecto os principais portos e aeroportos de Galicia.

O Convenio que daba saída ao Porto Seco se firmou no ano 2000, pero non foi ata o ano 2010, que o actual goberno da Xunta lle deu o impulso necesario, acometendo as obras de urbanización e posteriormente as do acceso coa LU-933 a pesares da situación de crise que estábamos a vivir.

Son varias as actuacións que a Xunta de Galicia levou a cabo para favorecer a implantación de empresas no Porto Seco, dende a redución do prezo do solo, a declaración de proxectos singulares a dúas empresas interesadas en implantarse no Porto Seco, a elaboración do proxecto para solventar os problemas de saneamento, e mesmo colaborar economicamente co 50% do custe da depuradora, inda que o que impedía a conexión do saneamento era o mal estado da rede municipal, por tanto, un problema de ámbito local que a administración autonómica veu a resolver, propoñendo unha solución e mesmo colaborando no custe da súa execución.



Postos en servizo os 2 km do acceso do Porto Seco ata a LU-933, está en tramitación a súa continuación ata a N-120, para o que houbo que facer unha importante modificación do proxecto que a conectaba co proxecto da A-76.

2.- Os veciños de Monforte residentes no entorno da Florida ou do Castelo, dispoñen dun extraordinario vial, como é o acceso a LU-933, que lles permite chegar ata o Porto Seco, pero unha vez alí, resulta que se atopan cunhas estruturas de cemento que bloquean o uso dos viales, e por tanto, non permiten acceder a LU-546, a pesares de que se atopa a escasos 100 metros.

O proxecto da conexión do Porto Seco coa LU-546, é un proxecto moi custoso e ambicioso que levará anos ver materializado. Entretanto, compre adoptar as medidas necesarias para conectar a LU-933 coa LU-546 a través do Porto Seco.

Compre abrir o tráfico os viales municipais do Porto Seco, para comunicalo coa LU-546, o que permitirá que as persoas que dende a zona do Castelo se dirixan hacia Lugo, poidan empregar estes viales e evitar así o tránsito polo centro da cidade e viceversa.

A posta en servizo destes viales, non so urxe por unha cuestión de eficiencia no uso dos recursos públicos, pouco compatible co feito de ter os viales pechados, senon que daría servizo a moitas persoas que, dende a zona do Castelo ou a Florida, se desprazan hacia Lugo, sen cruzar a cidade.

Por todo o exposto, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO

1.- Acordar a apertura e posta en servizo dos viales do Porto Seco, a fin de, a través deles, conectar o acceso á LU-933 coa LU-546.

2.- A facer as melloras necesarias nos viales municipais que comunicarán os do Porto Seco coa LU-546 a fin de mellorar e favorecer o tránsito neles en condicións de seguridade.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que expón a moción e le os acordos dela, con algunha explicación adicional. Esperamos o apoio dos demais grupos e chegar a un acordo que permita solucionar isto.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que coinciden en que o Porto Seco é unha importante infraestrutura. Ou é un investimento de cidade ou é difícil que cristalice. O orzamento da Xunta será importante en 2019, eleccións locais, e en 2020, eleccións autonómicas. Para o que sexa sumar, non hai problema, aínda que diga que votamos sistemáticamente en contra, pero os obxectivos teñen que ser realizables e iso non se se está a dar. En 2015, anunciáronse dúas empresas para o Porto Seco. Ou hai propostas serias ou será bastante seco. Non vemos impedimento en que se abran eses dous viais, que favorecen o tránsito, á espera do que se nos informe pola Policía Local.



#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 19/12/2017  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 19/12/2017  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2017 14:52:39



De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di sobre unha pregunta no Parlamento de Galicia, que lle chamou a atención a complacencia de Dna. Julia Rodríguez coa Conselleira Ethel Vázquez. Eu non tería esa complacencia. Como o seu nome indica, é seco. Está ligado ao futuro do papel de Monforte no Eixo Atlántico. O anuncio referido foi sobre dúas empresas en 2015. Temos un polígono con deficiencias, non é necesario un segundo polígono. O Porto Seco era para outra cousa. Esperamos equivocarnos sobre que será seco o Porto Seco.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que lle di á portavoz do PP sobre a complexidade do servizo da auga, que hai outros máis complexos. Teño a favor do público o que outros a favor do privado. Xa tardaba esta moción, o Porto Seco na area política. Hai outra vía en estado deteriorado, pero utilizable aínda que limitando a tonelaxe. Ir polo Porto Seco está ben para ir ao Museo do Ferrocarril. Hai que valorar os danos colaterais á hora de abrir ao tráfico. Hai que considerar ter un estudo sobre iso, pero si ao da moción de evitar aglomeracións de tráfico.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di á portavoz do PP que defende os intereses particulares sobre os xerais. Non imos colaborar en competicións indebidas de vehículos. O informe da Policía Local refírese ao posible uso indebido se se abre ao tráfico. Os viais do Porto Seco son para o Porto Seco, non para outras comunicacións. Coa vía rápida a Lugo, non ten sentido. Se veñen esas dúas empresas, abrírase, pero primeiro que veñan. É prioritario rematar a conexión da planta de Butano coa N-120. A altura de miras, tamén aquí.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que lle di a Pilar López que non dixo nada de investimentos, pero claro que podería gabalos. Priorizan a conexión da N-120; se non hai esforzo de mellorar o proxecto, nin unha cantidade nin outra valerá. En 2018, está o proxecto e a expropiación, os anos veñen así e eleccións sempre hai. Lamento que Esperta Monforte cargue contra o Porto Seco. Ten posibilidades enormes para o transporte de mercadorías.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di ao portavoz do BNG que a pista do canal non a recomende no estado en que está. Para os habitantes desa zona, é beneficioso poder abrílo para evitar o centro. Se a Policía Local di que hai problemas, pero non vexo realmente que non se poida tratar de evitalos. Lamento só iso nos investimentos da Xunta para 2018. Co que se investiu no Porto Seco, se non se segue, mal imos; co feito, non ten futuro o Porto Seco. Non se fomenta debidamente o transporte ferroviario dende o goberno do Estado. Imos votar a favor, coa advertencia de volver a pechar se fose necesario.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que se hai unha calidade mellor con estes viais, se non son para uso do Porto Seco, polo menos aproveitalos. Lamento dicir que non foi investimento, senón tirar diñeiro. É importante un Porto Seco e unha Plataforma Loxística, pero o que se está vendo é que non vai para adiante.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que dixo que tardaba en chegar a moción, sen buscar polémica. Podía ter netos dende que se fala do Porto Seco. Se só serve para comunicar dous kilómetros, algo está facéndose mal. Hai que mirar a solución técnica se hai carreiras, vandalismo, o que sexa, pero non vemos problema.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que se o Porto Seco é importante para comunicar parroquias, terá razón Dna. Maribel García sobre o Porto Seco. Onde están as dúas empresas da campaña de 2015? Se o Porto Seco é para recreo dos ciclistas, peor aínda, a picar e a levantalo. As xestións fíxoas o Alcalde, non vostede –por Julia Rodríguez-. Non hai un só euro de xestión súa ante a Xunta de Galicia ou o Estado. Vostede non quere xestionar nada ante a Xunta ou non lle fan nin caso? Se o Porto Seco é para recreación coas bicis e para a conexión de parroquias, dareille a razón, e non querería, a Esperta Monforte.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que entón tamén haberá que pechar os viais do polígono do Reboredo, por uso indebido. Hai veciños que nos solicitan o da moción. Ficticio foi o de Pacadar, expropiado para rústico. O Sr. Torres pensa que me ataca no persoal, non ten nin idea das xestións que eu faga. En 2010 fun designada candidata para o 2011, as consellerías estaban comigo, empezaron os investimentos. Explíqueme vostede –polo Sr. Torres- o que ten feito polo Concello. Se queren o ben dos veciños, fágano. (O Sr. Alcalde dille que mire en TV7 o gravado sobre Pacadar, non veu por problemas de saneamento).

### PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

#### 11. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 18.10.2017 a 21.11.2017.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 18 de outubro e o 21 de novembro de 2017.

#### 12. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (dúas de 07.11.2017) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

#### 13. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 3º TRIMESTRE DE 2017 E OUTRA INFORMACIÓN DE COMUNICACIÓN OBRIGATORIA AO MINHAFP.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 3º trimestre de 2017, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

#### 14. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE PAGO DO 3º TRIMESTRE DE 2017.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 3º trimestre de 2017, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 1,39.





## 15. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTES AO 3º TRIMESTRE DE 2017.

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 3º trimestre de 2017:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

## 16. ROGOS E PREGUNTAS.

### 1º.- ROGO QUE XORDE NO DEBATE DO PUNTO 2 DA ORDE DO DÍA. DAS/DO NON ADSCRITAS/O, AO QUE SE UNE O PP.

Que as asociacións poidan formar parte da Asociación de municipios do Camiño de Inverno.

### 2º.- PREGUNTAS PENDENTES DO PLENO ANTERIOR.

- Do Grupo do PP sobre se se pediron subvencións con cargo ao 1% cultural e para que proxectos; e se non se pediron, por que non.

#### Resposta do Sr. Alcalde:

Postos en contacto co Ministerio, este prioriza ás grandes cidades. Non procede gastar nun proxecto que non irían apoiar.

- Das/do non adscritas/o sobre as axudas para a creación de empresas, cantas solicitudes hai rexistradas.

#### Resposta do Sr. Alcalde:

Hai 28 solicitudes rexistradas.

### 3º.- PREGUNTA E ROGO PROVENIENTES DO PUNTO 3 DA ORDE DO DÍA DO PLENO.

(Auséntase Dna. Julia Rodríguez Barreira)

Son formulados por Dna. Pilar López Martínez, en representación das/do non adscritas/o.

### PREGUNTA E ROGO RELATIVOS Á REFORMA DA RÚA DUQUESA DE ALBA.

“O pasado mes de outubro comezaban as obras de mellora na rúa Duquesa de Alba e doutras rúas como Eduardo Pondal ou Alexandre Bóveda. Tal e como se informaba dende fontes municipais, as obras inclúen aplicación de aglomerado, pintura, beirarrúas e rebaixas nos bordos para eliminar barreiras



arquitectónicas. Como tamén se comentou, no caso da rúa Duquesa de Alba, hai máis de 40 anos, que non recibe ningunha mellora.

Desde o noso Grupo Municipal, queremos subliñar a importancia que teñen estas obras nas infraestruturas da cidade, xa que o desgaste das rúas é permanente. Este labor de conservación, debera ser sempre unha prioridade constante en todos os gobernos municipais.

Se ben, debemos destacar dous elementos que son esenciais, hoxe en día, á hora de abordar estas obras, e que segundo parece na rúa Duquesa de Alba, este goberno municipal está abandonando. Estes aspectos son: a rede de abastecemento e saneamento por unha banda, e a execución da obra de acordo cos principios de humanización hoxe existentes.

Sobre o **abastecemento e saneamento**, resulta chocante que se acometan obras na superficie – necesarias, por suposto -, pero non se contemplan obras na rede subterránea dada a antigüidade desta infraestructura. Parece lóxico que ante unha mellora tan necesaria, o primeiro fose abordar a rede de tubaxes para, posteriormente mellorar a superficie. É dicir, unha reforma integral. Parece máis lóxico se cabe, á vista das avarías destes días, que poñen de manifesto a necesidade de tomar medidas neste eido.

Por outra banda, está o deseño destas obras. Facemos fincapé tamén nisto, xa que na actualidade, a maioría de grandes e pequenas cidades, abordan as obras de maneira que deixen como resultado **espazos urbanos humanizados**. Isto quere dicir, que as melloras que se fan, hai que deseñalas pensando na comodidade das persoas, o que implica rúas amables, acolledoras e atractivas no seu deseño. Beirarrúas baixas ou árbores son sinais de identidade das humanizacións, que van dirixidas sobre todo á mellorar a calidade de vida da cidadanía. Como exemplo, non hai máis que ver as cercanas rúas Reboredo e Carude para comprobar o avance que supoñen no deseño urbano.

Por estes motivos, as/o concelleiras/-o antes nomeadas/-o formulan a pregunta e rogo seguintes:

### PREGUNTA

**Instar ao equipo de goberno a que aclare cal é o motivo polo que na rúa Duquesa de Alba non se aborda a renovación da rede de abastecemento e saneamento.**

### ROGO

**Instar ao equipo de goberno a que tome conciencia sobre as políticas urbanas das cidades actuais e contemple humanizacións amplas, que redunden nunha maior comodidade e calidade de vida para á cidadanía.”**

#### Resposta do Sr. Alcalde:

- Á pregunta: Non se pode pedir unha cousa e a contraria. Se facemos, tiña que ser Aqualia. Se non facemos, que fagamos. Mandamos un escrito a tódalas empresas de servizos públicos para ser advertidas por se querían aproveitar; non actuaron, nós facemos o noso proxecto.
- Ao rogo: Por suposto que tratamos de facelo así.

#### **4º.- PREGUNTA E ROGO PRESENTADOS POR REXISTRO POLO GRUPO DO BNG O DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2017.**



- **PREGUNTA RELATIVA AO CAMIÑO DE INVERNO.-** O pasado luns día 20 celebrouse unha xuntanza no Castelo Dos Templarios de Ponferrada onde se asinaron os estatutos da Asociación de Concellos do Camiño de Inverno, a cal o Concello de Monforte non asistiu. Cal foi o motivo da ausencia do Concello de Monforte en dito acto?

Dáse por contestada no debate do punto 2 da orde do día.

- **ROGO RELATIVO AO CORTE DE SUMINISTRO DE AUGA.-** EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: As pasadas datas, esta cidade sufriu un grave corte de subministro de auga debido a varias avarias, causando un grave prexuízo á cidadanía, a que non se informou debidamente provocando graves trastornos a maiores. SOLICITO: *Que no sucesivo se empreguen os medios técnicos ao alcance do Concello (Web, Redes sociais, etc...) para informar en tempo real á veciñanza do que está a acontecer, así como as previsións e consellos de actuación.*

D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, dá lectura ao que figura na solicitude do rogo.

**Resposta do Sr. Alcalde:**

No facebook e na páxina web do Concello informouse das avarías e da situación.

(Reincorpórase Dna. Julia Rodríguez Barreira)

**5º.- PREGUNTA E ROGO PRESENTADOS POR REXISTRO POLO GRUPO DE ESPERTA MONFORTE O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2017.**

Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, formula a pregunta –con algunha explicación adicional- e o rogo.

- PREGUNTA:

“Exposición de motivos.

No pleno do 28 de xuño de 2016, este grupo presentou unha moción sobre o estado dun paso elevado entre a rúa Calvo Sotelo-Pontevedra e o barrio das Cruces, nesta moción presentabamos documentación relativa a obriga deste Concello no mantemento da mencionada ponte, o Sr. Alcalde nunha pregunta posterior deste grupo resposta que o mantemento é responsabilidade de Adif.

Diante da realidade de que ninguén está a facerse cargo do mantemento preguntamos de novo:

- 1) Fíxose reclamación a Adif para o mantemento da Pasarela?
- 2) Conta este Concello con algún documento que acredite a quen corresponde o mantemento da pasarela?”

**Resposta do Sr. Alcalde:**



Reitero sobre o que dixon no Comité de empresa, que non tiña nin idea, segundo me dixon outro. Si houbo xestións, co silencio por resposta. A pasarela está antes de unir dúas vías, nunca foi cedida nin aceptada. O mantemento das infraestruturas é sempre do titular, que é Adif.

- ROGO:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hoxe día 23 de novembro o Sr. Alcalde ven de anunciarnos que o pleno de decembro se vai celebrar o día 18 de decembro. Os motivos son varios, un deles a presentación dos presupostos para 2018.

Neste Pleno de Novembro vaise falar moito de lumes, problemas no saneamento e infraestruturas, ben seguro que todos estamos de acordo que son problemas prioritarios a solucionar, motivo polo que espertamonforte! ROGA:

Ver reflexadas partidas económicas significativas nos vindeiros presupostos.”

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Tomamos nota do que se nos pide. Xa veremos como serán os orzamentos.

**6º.- PREGUNTAS PRESENTADAS POR REGISTRO ELECTRÓNICO POLAS/O NON ADSCRITAS/O DÍA 24 DE NOVIEMBRE DE 2017.**

**PREGUNTA SOBRE O ESTADO REAL DA REDACCIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DO MERCADIÑO DO PARQUE DOS CONDES E CANDO PENSA TRAE LA AO PLENO**

“Dende comezos do ano pasado, 2016, no que mantivemos unha Xunta de Portavoces para falar sobre a Ordenanza Municipal que regula o Mercadiño de Segunda Man, que se vén celebrando todos os domingos no Parque dos Condes, e se quedou en que o equipo de Goberno elaboraría un novo borrador coas achegas dos diferentes grupos políticos da oposición non volvemos ter ningún tipo de noticia ao respecto.

O 26 de setembro de 2016 trouxemos esta mesma pregunta a pleno e díxonos que se estaba facendo, pero pasado máis dun ano seguimos sen saber nada ao respecto.

Por este motivo, e por carecer de información directa dende Alcaldía, queremos saber, unha vez máis, cal é estado real e actual da Ordenanza Municipal do Mercadiño do Parque dos Condes e cando pensa traela a pleno.”

**PREGUNTAS EN RELACIÓN ÁS AVARIAS QUE SE PRODUCIRON NA SEMANA DO 14 DE NOVIEMBRE E QUE DEIXARON O CASCO URBANO SEN SERVIZO DE AUGA DURANTE MOITAS HORAS.**

“Como todos sabemos, a mediados do mes de novembro, foron días críticos no que se refire ás avarías na rede de abastecemento de auga que afectaron á maior parte da veciñanza no casco urbano, rúa Escultor

Francisco Moure, Valle Inclán, Doutor Casares, no entorno da zona de Rioseco, etc. o que provocou que, no casco urbano, durante bastantes horas non houbera servizo de abastecemento de auga. Podemos estar de acordo con que as tubaxes de rede de abastecemento de auga son antigas ou mesmo moi antigas, pero todo parece indicar que tamén se están sometendo a uns niveis de presión, nalgúns casos, por riba do permitido nunha condución destas características, o que quizais estea provocando, á súa vez, máis avarías, quizais sexa porque non se abren as bocas de rego para purgar ou, como se di dun xeito coloquial, quitar o aire das tubaxes.

Por este motivo, este Grupo Municipal, desexa facer as seguintes preguntas:

1. Cando se produciu a avaría da rúa Escultor Francisco Moure, como estaban os depósitos de San Vicente, cheos, mediados, baleiros...?
2. Canto tempo tardaron en pechar as chaves dos depósitos de San Vicente cando se produciu esa rotura?
3. Quen se encarga do control do nivel dos depósitos? Cada canto tempo se controlan?
4. Segundo temos entendido, na zona do Morín, existía un aviso de corte de auga para levar a cabo a realización dalgunha actuación, acaso existía unha avaría programada na rúa Doutor Casares ou no nese entorno?
5. Cando existe unha actuación programada, notifícaselle á veciñanza? Como se fai?
6. Cantas bocas de rego temos na nosa cidade? Ou o que é máis importante, cantas bocas de rego foron anuladas nos últimos tempos na nosa cidade, por mor de avarías?
7. Segundo nos consta o sábado, día 18 de novembro, tamén rebentou a tubaxe na rúa Valle Inclán. Tendo en conta que nesta rúa está renovada a rede de abastecemento, a que se debeu tal avaría? Entendemos que se houbera algún problema na xunta das tubaxes, o lóxico e normal, sería que rebentase pola unión, pero parece que rebentou por unha parte sen ningún tipo de empate. Cando menos é chamativa esta avaría.
8. Tamén existiu unha abundante perda de auga no entorno da parroquia de Piñeira que anegou algunha finca, a que se debeu?"

## **7º.- ROGO ENTREGADO POR ESCRITO POLO GRUPO DO BNG AO PRINCIPIO DO PLENO.**

### **ROGO RELATIVO AO DETERIORO DA BEIRARRÚA DE BENITO VICETTO.**

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

As pasadas datas, trala chuvia caída na cidade, varios veciños fixeron chegar queixas acerca do deterioro da beirarrúa da r/ Benito Vicetto na intersección coa r/ Malvarón na zona sen edificar. A converxencia do inxente estado de deterioro coa existencia de varias bocas da rede de auga e sumidoiros, fai case imposíbel o tránsito por ela tanto para xente con mobilidade reducida, con cadeiras de rodas así como para os carriños das crianzas. Asemade, coas choivas e debido a estar máis alto, dende o terreo sen edificar esliman follas e terra até a beirarrúa, fan que o tránsito sexa perigoso.

#### **SOLICITO:**

Que se tomen as medidas precisas para que este problema non volva a acontecer”.

## **8º.- ROGOS ENTREGADOS POR ESCRITO POLAS/O NON ADSCRITAS/O AO PRINCIPIO DO PLENO.**





**ROGO PARA QUE SE LIMPEN OS COLECTORES DESPOIS DAS AVARIÁS NA REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA, ASÍ COMO AS RÚAS AFECTADAS POR ROTURA DE VÍAS**

“Como todos sabemos, a mediados do mes de novembro, foron días críticos no que se refire á avarías na rede de abastecemento de auga que afectaron á maior parte da veciñanza no casco urbano, así para poder resolver as avarías, houbo que romper os viais na rúa Escultor Francisco Moure, Valle Inclán, Doutor Casares, etc. o que provocou o desprazamento de moita terra que xunto coa auga, corría polas rúas.

Observamos que, unha vez reparada a avaría, as rúas quedaron cheas de terra o que supón un perigo tanto para viandantes como para os vehículos.

Por outra banda, esta terra á que facemos referencia, como é lóxico acaba marchando pola canalización subterránea de recollida de auga, que xunto coa ausencia de choiva pode provocar algún atascamento se non se limpa.

Por este motivo, este Grupo Municipal, desexa facer o seguinte rogo:

Que despois das avarías na rede de abastecemento de auga, se proceda a limpar as rúas afectadas e as canalizacións subterráneas para evitar posibles atascamentos da rede.”

**ROGO PARA QUE SE DIRIXA Á EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO PARA QUE PROCEDA Á LIMPEZA DAS CUNETAS DA REDE VIARIA DA SÚA TITULARIDADE.**

“A mediados de ano leváronse a cabo labores de limpeza das cunetas por parte da Excma. Deputación Provincial de Lugo na estrada **LU-P-3203** que comunica Monforte de Lemos con Rozabales, concretamente no tramo comprendido entre o barrio das Casas Baratas ata o Barrio Novo da parroquia de Santa Mariña do Monte e entre a parroquia de Caneda e Vilamarín, deixando parte da parroquia de Santa Mariña sen limpar.

Noutro pleno xa trouxemos este rogo, que entendemos que o Sr. Alcalde tramitou, solicitándolle á Excma. Deputación de Lugo que limpase as cunetas.

Nós consideramos que a limpeza das cunetas constitúe un importante elemento para a conservación das estradas, motivo polo que o noso grupo desexa facer o seguinte rogo:

Que o Equipo de Goberno se dirixa de novo á Excma. Deputación de Lugo para solicitarlle a continuación deste labor de limpeza ao longo de toda a estrada LU-P-3203, así como de todas as estradas da súa titularidade do noso concello para evitar os estragos no propio asfaltado así como o asolagamento de fincas e vivendas, que nalgúns casos se teñen producido.”

**ROGO PARA QUE O EQUIPO DE GOBERNO ARRANXE O PROBLEMA DA BOCA DE REGO NA PINGUELA, ASÍ COMO OUTRAS DA CIDADE.**

“O pasado luns, día 13 de novembro de 2017, a representante municipal no Consello Escolar do IES A PINGUELA, dona Alicia Cadarso Palau, asistiu á reunión ordinaria do mesmo, na que se comentou que

esta boca de rego non estaba operativa. Descoñecemos cal é o motivo desta situación, pero entendemos a preocupación da comunidade educativa, xa que ante un incendio, non só no instituto, se non tamén en calquera outro edificio ou espazo, non se contará coa infraestrutura necesaria para a extinción do mesmo.

Por este motivo, este Grupo Municipal, desexa facer o seguinte rogo:

Que se leven a cabo as actuacións necesarias na boca de rego ubicada no contorno do IES A PINGUELA, así como no resto da cidade, porque segundo nos consta, existen moitas que foron suprimidas, despois de diferentes avarías na rede de abastecemento de auga.”

### **9º.- PREGUNTA E ROGO ENTREGADOS POR ESCRITO POLO GRUPO DO PP DURANTE A SESIÓN DO PLENO.**

#### **PREGUNTA SOBRE EL ANUNCIO DEL ALCALDE DE SUSTITUCIÓN DE LA TUBERÍA GENERAL QUE OCASIONÓ LA AVERÍA QUE IMPIDIÓ EL SUMINISTRO DE AGUA DURANTE MÁS DE 24 HORAS EN NUESTRA CIUDAD.**

“Exposición de motivos.

1º) En días pasados se produjo una grave avería en la tubería general de abastecimiento, de manera que la mayor parte de la ciudad de Monforte permaneció sin agua durante más de 24 horas.

2º) Días después el Sr. Alcalde anunciaba que se iba a proceder a la sustitución de la mencionada tubería.

Considerando que es habitual que el Sr. Alcalde asuma con cargo a los recursos del Concello obras de renovación o sustitución de conducciones averiadas o deterioradas, a pesar de estar entre las obligaciones de la concesionaria Aqualia, preguntamos:

- ¿ QUIÉN VA A ASUMIR LOS COSTES DE LA RENOVACIÓN DE LA TUBERÍA GENERAL, QUE EVIDENTEMENTE SE ENCUENTRA DETERIORADA Y AVERIADA, PARA EVITAR QUE SE REPRODUZCAN LAS AVERÍAS DE DÍAS PASADOS Y LAS MOLESTIAS CORRESPONDIENTES A LOS VECINOS? “

#### **ROGO SOBRE CUMPRIMENTO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS, DISTANCIA DAS PLANTACIÓNS E XESTIÓN DA BIOMASA E LIMPEZA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS.**

“1º) Despois da vaga de lumes que teñen afectado a toda Galicia e o noso Concello en particular en días pasados, tense xerado unha preocupación entre os veciños por mor do incumprimento da ordenanza que obriga a manter as fincas limpas e desbrozadas de todo tipo de vexetación e nas debidas condicións de seguridade e salubridade.

A existencia de maleza nas inmediacións das vivendas en distintos puntos do noso Concello obriga a elevar este rogo ao equipo de goberno para que se cumpra e faga cumprir, a fin de evitar os riscos que para as vivendas se poden xerar en caso de lume, como xa ten acontecido nos pasados días.

Veciños de distintas parroquias, nos teñen solicitado a comprobación da existencia de abundante maleza preto das casas.

Así, na parroquia da Vide, en Baamorto, onde mesmo existe maleza nunha finca de titularidade municipal, en Chavaga, e no resto das parroquias, pero tamén en solares no entorno urbán temos recibido queixas nese sentido.

2º) Os camiños municipais, tamén representan un risco enorme no caso de incendio. A falta de limpeza ten impedido en moitos casos o acceso da maquinaria necesaria para apagar os lumes ou para facer contramedidas que permitirán protexer propiedades e vivendas.

Esa situación de abandono, ten provocado en moitos casos, que se teña que recurrir a outras alternativas cos danos correspondentes, ao non poder facer uso dos camiños municipais.

A fin de correxir esta situación, este grupo formula o seguinte, ROGO:

Que se cumpra e faga cumprir a ordenanza reguladora da limpeza de terreos, distancia das plantacións e xestión da biomasa e limpeza dos camiños municipais, de maneira especial naquelas fincas de parroquias ou do casco urbán onde a maleza está próxima as vivendas ou explotacións, ou elementos que representen risco grave no caso de incendio.

Que se proceda a limpar os camiños municipais, e no caso das parroquias, non so os mais próximos as vivendas, senón tamén aqueles que pola súa situación poidan ser útiles e necesarios en caso de incendio”.

Di o Sr. Alcalde que **a resposta ou consideración dos puntos 6º, 7º, 8º e 9º quedan para o seguinte Pleno**, en aplicación do art. 97 do ROF. O punto 6º por cando se presentou -19,33 horas do día 24-, número de interrogantes e cando tivo coñecemento o Alcalde -9 horas desta mañá-, que son causas motivadas segundo o artigo citado.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte e tres horas e cincuenta e seis minutos do expresado día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.  
O Alcalde,

(ACTA APROBADA NA SESIÓN PLENARIA DO 18/12/2017)

